Chamaemelum nobile (L.) All., 1785

macela, macela dourada, margacela, camomila
manzanilla romana/fina, camomila
kamamila erromatar
camamilla romana/vera
Roman chamomile
camomila romana, macela, macela dourada



ESTADO DE CONSERVACIÓN

EX ES CR EP VU CA **PM**

EX: en perigo de extinción; **ES**: extinta en estado silvestre; **CR**: en perigo crítico; **EP**: en perigo; **VU**: vulnerable; **CA**: case ameazada; **PM**: preocupación menor

DIVISION	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Magnoliophyta	**Magnoliopsida**	**Asterales**	**Asteraceae**	***Chamaemelum***

ORIXE

Europa.

CARACTERÍSTICAS

Porte herbáceo, ronda os 30 cm de altura. Perenne. Forma tapices ou alfombras baixas por medio dun rizoma moi ramificado, mediante o cal vai estendéndose polo solo. As follas son alternas, finas e divididas, con lóbulos moi estreitos e presentan cores verdes algo apagadas. As flores, duns 15-25 mm de diámetro, forman capítulos con lígulas brancas que crecen ao redor dun centro amarelo de tamaño pequeno. A floración acontece en primavera. Ao esmagarse as follas, esparéxase un arrecendo característico, parecido a mazá ou a macela. Froitos pequenos e comprimidos, frutificación en primavera-verán.

HÁBITAT

Solos lixeiros, areosos, ou con certa textura. Aparece en prados frescos, con drenaxe considerable. Principalmente zonas de clima atlántico ou temperado. Tipicamente pradeiras abertas, bordos de camiños e pastizais.

DISTRIBUCIÓN

Nativa do oeste de Europa (principalmente España, Portugal e o arquipélago dos Azores) e norte de África. Porén, foi introducida noutras rexións de forma antrópica.

CURIOSIDADES

Realmente non se emprega como a *Matricaria chamomilla* (macela alemá) para elaborar infusións, pero si en cosmética, perfumaría ou farmacia.